

ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 04/2025
TRÁMITE	INFORME – PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE
EXPEDIENTE	2025047677

A xefatura de xestión administrativa e a coordinadora xeral do CPF, coa conformidade da deputada delegada de área, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, e de cara á tramitación da correspondente modificación orzamentaria de suplementación de crédito, elabora o presente

INFORME – PROPOSTA

OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN, CADRO XERAL DE BAIXA TENSIÓN E GRUPO ELECTRÓXENO NAS INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO CPF

Concluída a asistencia técnica para a redacción do proxecto técnico de reforma e adecuación do centro de transformación e instalación dun novo cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico nas instalacións eléctricas do CPF, toda vez finalizados os traballos de redacción do proxecto, conclúese na necesidade de contemplar actuacións inicialmente non previstas e que resultan primordiais como son a instalación dunha liña independente, a modificación das características do trafo do centro de transformación, a consideración dun grupo electróxico de maior potencia, que incorpore un sistema de monitorización de combustible, a instalación dun sistema de ventilación na sala do centro de transformación, así como a realización dunha rede de terras mediante unha toma vertical de profundidade.

Na aplicación orzamentaria 25/232.2312.632.03- Edificios, outras construcións e melloras, figura un crédito de 459.297, 00 €; non obstante, unha vez concluído o proxecto, resulta preciso o contar cunha contía de 532.163,32 €, o dito importe contempla o prezo de execución por contrata, a coordinación de seguridade e saúde, o control de calidade, entre outros.

Visto o anterior, resulta preciso para a tramitación do correspondente expediente de obra, o contar na aplicación 25/232.632.03 coa contía de 72.866,12 €

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial



OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN, CADRO XERAL DE BAIXA Tensión E GRUPO ELECTRÓXENO NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO CPF

Para a construción do CPF o Concello de Pontevedra cedeu gratuitamente á Deputación a propiedade de dúas parcelas de 100.000 m² e 41.945 m², respectivamente, segregadas do monte "Montecelo". Ditas cesións formalizáronse en escrituras públicas de data 14 de decembro de 1970 e 12 de xuño de 1978, respectivamente, e foron inscritas no Rexistro da Propiedade como propiedade da Deputación.

Non obstante do anterior, e visto que, mediante sentenza de 28 de abril de 2022, recaída no Procedemento Ordinario núm. 199/2020, do Xulgado de Primeira Instancia núm. 3 de Pontevedra, declarouse que as referidas porcións do monte son propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, e toda vez manifestado a vontade da dita entidade, da cesión de uso á Deputación mediante o pagamento dun canon anual, pola contía de 84.613,64 (IVE engadido), por Resolución Presidencial núm. 2025005168, do 18 de xuño de 2025, resolveuse incoar o expediente para a adquisición onerosa dun dereito de uso sobre os terreos do Centro Príncipe Felipe, pertencentes ao Monte veciñal "Montecelo", propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente.

Visto o anterior, resulta preciso para a tramitación do correspondente expediente o contar na aplicación 25/232.209.00 coa contía de 84.613,64 €

En consideración do anterior, trasládase a deputada delegada de área **PROPÓN:**

A autorización da correspondente modificación orzamentaria para a habilitación de consignación conforme o seguinte:

Aplicación	Actuación	Importe
25/232.2312.632.03	Obra de reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica no Centro Príncipe Felipe	72.866,12 €
25/232.2312.209.00	Canon anual do dereito de uso sobre os terreos do Centro Príncipe Felipe	84.613,64 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



BEB

EXPEDIENTE	2025050059
ASUNTO	TRAMITACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2025
TRÁMITE	SOLICITUDE

No exercicio 2024 creouse o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico como unidade orgánica independente co fin de desenvolver programas e iniciativas dirixidas á mocidade entre outros obxectivos.

Dende a súa creación desenvolveuse un intenso traballo de campo co fin de tramitar o I Plan Estratéxico de Xuventude da Deputación de Pontevedra que contou con distintas fases de estudo previo, entre outros, xuntanzas coas OMIX dos concellos da provincia, cos distintos servizos da Deputación de Pontevedra que desenvolven programas dirixidos á mocidade; elaboración e lanzamento dunha enquisa dirixida a xóvenes de entre 15 e 34 anos de idade; adaptación da Web institucional para dar máis visibilidade ás iniciativas dirixidas á mocidade así como a análise das conclusións obtidas.

Un dos aspectos nos que tanto a mocidade como as OMIX coinciden é na necesidade de ofertar actividades alternativas de ocio saudable e previr e formar en benestar emocional e saúde mental, sobre todo nas idades comprendidas entre os 14 e os 19 anos.

Abordar a "saúde mental" da xente nova é un dos obxectivos deste Servizo, englobado dentro dun dos eixos do Plan estratéxico, e como primeira medida porase en marcha por primeira vez un programa formativo dirixido ao alumnado dos IES dos 39 concellos de Reto demográfico da provincia, que terá 4 bloques diferenciados en cada un dos centros destinatarios:

- Diagnose
- Formación do profesorado
- Charlas ao alumnado
- Charlas dirixidas a familias e Anpas
- Avaliación final e seguimento

Para a súa implementación estamos iniciando a tramitación do expediente de contratación, reservado segundo o disposto na disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de 8 de novembro contratos do sector público.



O crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 25/233.2310.227.07 está destinado a actividades xa previstas neste exercicio, polo que ante a necesidade de contar con crédito suficiente para a posta en marcha de esta nova iniciativa, é necesario tramitar o suplemento de crédito necesario, financiado con baixas do propio orzamento do Servizo, ao amparo do establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e segundo o disposto nas Bases de Execución do vixente Orzamento Provincial.

A aplicación onde se minora o crédito e a aplicación a suplementar son as seguintes:

Aplicación que minora crédito

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/233.2310.480.02	Atención a entidades de iniciativa social	30.000,00 €
	Total.....	30.000,00 €

Aplicación que incrementa crédito

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/233.2310.227.07	Proxectos e programas de reto demográfico e xuventude	30.000,00 €
	Total.....	30.000,00 €

Asinado dixitalmente na marxe, có conforme do deputado delegado



Expediente	2025047677
Asunto	Crédito extraordinario “Cotas socio, fundacións autonómicas - S.Central (Fundación Galicia Europa, Cota 2025)
Trámite	Proposta de modificación de crédito extraordinario

ANTECEDENTES

A Fundación Galicia Europa (en adiante Fundación) desenvolve unha labor de acompañamento ás entidades galegas ante as institucións europeas no seguimento das políticas comunitarias, na formación en asuntos europeos e na difusión de oportunidades de financiamento e iniciativas aliñadas coa estratexia da Unión.

Para a Deputación de Pontevedra, formar parte do Padroado da Fundación permitiría aproveitar de xeito máis eficaz todos estes recursos ao tempo de contribuír a reforzar a dimensión territorial do traballo que realiza a Fundación.

Contar co apoio técnico e estratéxico da Fundación permitiría a esta administración dar un paso adiante na acción institucional no eido dos retos europeos, en especial respecto do desenvolvemento rural, así como na innovación e a mellora da cohesión territorial ao tempo que se fortalecería a capacidade de acceso a programas europeos e de establecer redes de colaboración.

Deste xeito estase a tramitar a adhesión formal da Deputación de Pontevedra ao Padroado da Fundación Galicia Europa, para o cal, en base aos estatutos da Fundación, ao Plan de Actuación 2025, e á carta subscrita polo Director da Fundación, precisase dun crédito de 15.000 € en concepto de “cota anual” para poder proceder á mencionada adhesión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Ao abeiro do dereito recoñecido no art. 34.1 a Constitución Española, e do art. 1 do seu Estatuto, a Fundación, constitúese nunha organización, de natureza fundacional do sector público autonómico, de interese galego, sen ánimo de lucro, e cuxo patrimonio está afectado de xeito duradeiro á realización dos seus fins institucionais. As fundacións, en base á lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, deberán perseguir fines de interese xeral e a finalidade fundacional debe beneficiar a colectividade xenéricas de persoas.

De conformidade co art. 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (en adiante LHHLL), os créditos extraordinarios teñen por obxecto atender gastos específicos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non existe crédito no presuposto en vigor.

Os art. 35 e 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, definen os créditos extraordinarios como aquelas modificacións do presuposto de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito e poderán financiarse cos recursos sinalados no citado artigo.

É de aplicación o disposto nos art. 177.2 e 214 da LHHLL e no art. 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Considerando o exposto, **PROPONSE**

Xerar un crédito extraordinario, tendo en conta que este gasto non pode demorarse ata o exercicio seguinte e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, co detalle que segue:



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 16/07/2025 12:14

Tipo de modificación	Aplicación	Denominación	Importe
Crédito extraordinario	920-9200-452.00	COTAS SOCIO, FUNDACIONES AUTONÓMICAS_S. CENTRAL, (Fundación Galicia Europa, Cota 2025)	15.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura dixital

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 16/07/2025 09:49



Expediente	2025047677
Asunto	Suplemento de crédito para aluguer de vehículos Parque Móbil
Trámite	Informe de proposta de suplementación de crédito

O secretario xeral, coa conformidade do deputado delegado de Administración Xeral, elabora o presente informe proposta para a tramitación da correspondente modificación orzamentaria de suplementación de crédito.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (LRHL)
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

FUNDAMENTACIÓN DA PROPOSTA

De conformidade co art. 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, os suplementos de créditos teñen por obxecto atender gastos específicos, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, cando o crédito consignado sexa insuficiente.

O art. 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, definen os suplementos de créditos como aquelas modificacións do Orzamento de gastos nos que concorrendo as mesmas circunstancias anteriores en relación co gasto para realizar, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación. (Artigo 158.1, LRHL).

Considerado que o artigo 36 da devandita Lei determina as modalidades de financiación dos suplementos de crédito.

Considerado que é de aplicación o disposto nos art. 177.2 e 214 da LRHL e no art. 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Que a proposta de suplementación de crédito extraordinario que se formula responde á necesidade de dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria 920-9200-204.00, destinada ao aluguer de vehículos para o funcionamento do Parque Móbil da Deputación.

Cómpre sinalar que os créditos inicialmente consignados na aplicación orzamentaria resultan insufi-



cientes para cubrir os importes relativos ao aluguer de vehículos Parque Móbil ata a efectiva adxudicación do contrato 2024028056 Subministración de vehículos sen condutor en réxime de aluguer para centros e servizos da Deputación de Pontevedra.

Considerando o exposto, PROPONSE

Xerar unha suplementación de crédito na aplicación 920-9200-204.00, tendo en conta que crédito consignado actual non é suficiente para cubrir os importes relativos ao aluguer de vehículos do Parque Móbil, co seguinte alcance:

TIPO MODIF.	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
SUP	920-9200-204.00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTES_SERVIZO CENTRAL (Aluguer vehículos Parque Móbil)	45.000,00 €
		Total Suplementos de Créditos...	45.000,00

Pontevedra, na data da sinatura dixital.



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Aprobado definitivamente o orzamento provincial, no Servizo de Cultura, é preciso modificar as seguintes aplicacións:

1. Suplementar a aplicación 25/330.3340.479.01 e consignar as seguintes subvencións nominativas:

NIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
B-15547235	Nordesía Produccións, S.L.	Galicia Clarinet Fest	10.500,00 €
B-94173705	Mister Misto Production And Services, S.L.	VI Videafest 2025	6.000,00 €
35 577 887-S	Samuel Diz Sierpes	Música no Claustro	5.000,00 €

GALICIA CLARINET FEST

Historicamente, a comarca do Deza destaca por ser núcleo de numerosas bandas de música, conservatorios, escolas e agrupacións musicais nas que o clarinete xoga un papel destacado.

Galicia Clarinet Fest é unha experiencia única para desfrutar dos concertos e a mestría de clarinetistas do panorama nacional e internacional, que este ano chega a súa sexta edición e terá lugar entre o 28 de xullo e o 1 de agosto de 2025. Nesta ocasión reuniranse 9 profesores : 7 clarinetistas de talla internacional, 1 pianista e 1 director de orquestra, que serán: J. L. Estellés. Juan Ferrer, Josep Fuster, Emilio Espasandín, Manuel Martínez, Xocas Meijide, Alicia González Permuy, David Fiuza y Michelle Anderson.

Tamén contarán coa participación excepcional de dúas figuras imprescindibles do panorama cultural galego: o poeta Celso Fernández Sanmartín e a compañía Viravolta, cuxa presenza no festival amplía as marxes do musical, creando pontes entre a palabra, o xesto e o son, e reafirma o compromiso cunha programación que dialoga coas raíces e coas novas formas de expresión artística.

Durante os cinco días do festival poderase desfrutar de concertos, presentacións e charlas con mestres e compañeiros de diferens localidades, provincias, países e continentes.

Neste contexto, o Galicia Clarinet Fest ten un dobre plantexamento estratéxico que o fai singular: visibilizar un territorio conectado a través da música e consolidalo como plataforma transmisora de coñecemento. Trátase dun evento multicultural que, neste 2024, chega a súa 6ª edición.

No marco deste festival, celebrarase a terceira edición do Concurso Internacional de Repertorio Orquestral, unha iniciativa que abrir as portas do mundo orquestral ós estudantes de clarinete con vocación profesional. Está dirixido a estudantes que cursen ou finalizaran estudos superiores ou de máster en interpretación, así como a persoas que poidan demostras o nivel necesario para abordar repertorio musical de alto nivel e o seu obxectivo principal é xerar oportunidades reais de



desenvolvemento profesional, facilitando o acceso dos participantes a experiencias activas dentro do círculo orquestral internacional.

Este festival xa constitúe tamén un reclamo turístico co que ademais se contribúe ao desenvolvemento económico da nosa provincia e enriquece as múltiples actividades culturais que se levan a cabo na mesma.

VI VIDEAFEST 2025

Mister Misto Production & Services, no seu compromiso coa dinamización cultural e coa posta en valor do patrimonio, impulsa dende o ano 2017 o proxecto Videafest, un ciclo de encontros culturais multidisciplinares que se desenvolven en espazos naturais e históricos de Galicia.

Neste 2025, do 26 ao 28 de setembro levarase a cabo no Estudio Casa Veiga do Mar en Vilaxoán a sexta edición do Videafest 2025.

Trátase dunha experiencia cultural única que mestura creación artística e historia viva nunha contorna excepcional como é Veiga do Mar en Vilaxoán, unha mansión que data de 1917. O conxunto que conforma a Veiga do Mar, por vontade do seu promotor, apartouse dos cánones de estilos puros, conseguindo unha sabia combinación de tradición coa modernidade que supuxo o modernismo finisecular; combinación igualmente no deseño dos Xardíns, entre árbores e arbustos autóctonos, como as xa asentadas camelias e magnolias e especies foráneas e polos valores deste conxunto, a Casa e os Xardíns, xunto cos valados de peche foron declarados como Ben de Interese Cultural no catálogo do PXOU de Vilagarcía. A protección como Ben de Interese histórico artístico non refire só á edificación principal senón tamén a outros elementos da finca, entre os que salientan os seus xardíns, de valor botánico, histórico e paisaxístico indubidable.

O Videafest consolidouse como un formato singular que combina arte contemporánea, patrimonio, turismo mariñeiro, natureza, música, etc. Durante os tres días que dura levaranse a cabo diversas actividades entre as que podemos citar: noite de cinema, exposición de arte do Pintor Juan Moreno Badía, turismo mariñeiro (visita interpretada ás antigas pías de salazón de Vilaxoán), patrimonio histórico (roteiro guiado sobre Johan Mariño de Soutomaior), Percorrido botánico (un paseo polos xardíns históricos da Veiga do Mar), etc.

A pasada edición do Videafest conseguiu unha ampla visibilidade, cumprindo o seu obxectivo de dar a coñecer e valorizar un proxecto cultural centrado na arte contemporánea, o patrimonio e o territorio.

MÚSICA NO CLAUSTRO

Música no Claustro, é un festival de música, patrimonio e creación dirixido polo concertista e investigador tudense Samuel Diz no que conflúen diversas narrativas #concéntricas que teñen como punto de encontro o legado artístico da Catedral de Tui, sede oficial do festival desde o ano 2005.



Neste 2025 levarase a cabo a XIX Edición de Música no Claustro na Catedral de Tui que terá lugar do 1 ao 7 de agosto de 2025. A misión deste festival é promocionar o tecido profesional musical e impulsar a investigación, preservación, divulgación e deleite do patrimonio cultural e musical da Catedral de Tui.

Entre os obxectivos destacan: fomentar e consolidar a investigación, estudo, preservación, divulgación e deleite dos bens culturais, o patrimonio musical e o arquivo documental da Catedral de Tui no horizonte do VIII centenario do templo en 2025, promocionar o desenvolvemento profesional e interxeracional do tecido musical e artesán, dende as novas xeracións de intérpretes de orixe galega ata artistas de recoñecemento internacional, dinamizar e unir o territorio na promoción dun turismo cultural sustentable, etc.

Ao longo dos días do festival desenvólvense sete concertos, de entrada libre, de diversos estilos musicais protagonizados por intérpretes e artistas de orixe galega, nacional e internacional.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe





EXPEDIENTE	2025047677
ASUNTO	M.C. 04/2025 EXPEDIENTE DE M. CRÉDITOS
TRÁMITE	INFORME PROPOSTA <i>TURISMO RÍAS BAIXAS</i>

A Xefa do Servizo de Turismo, coa conformidade da deputada delegada de área, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, e de cara á tramitación da correspondente modificación orzamentaria de suplementación de crédito, elabora o presente,

INFORME PROPOSTA

SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ENTIDADE *ASOCIACIÓN AMIGOS CAPITULO SERENISIMO DO ALBARIÑO* CON C.I.F. G94161189, PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE: *PROMOCIÓN DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS FESTA ALBARIÑO CAMBADOS 2025*.

Un dos principais obxectivos do Servizo Turismo Rías Baixas é a promoción do destino é crear unha imaxe global de marca baixo a denominación “Rías Baixas”, englobando todo o territorio da provincia de Pontevedra. Para elo, é importante colaborar na celebración de actividades que teñan a capacidade de atraer a visitantes e diversificar o interese dos mesmos na nosa provincia.

A *Asociación Amigos Capítulo Serenísimos do Albariño*, con C.I.F. G94161189, e domicilio social en Rúa Nova Nº: 6 - Cambados C .P. 36630 Pontevedra, é unha entidade sen ánimo de lucro. O seu obxectivo é contribuír a promocionar e apoiar a cultura do viño Albariño tanto a nivel nacional como internacional.

Coa finalidade de conceder a referida subvención nominativa, a favor da *Asociación Amigos Capítulo Serenísimos do Albariño*, con C.I.F. G94161189 por importe de 10.000,00 €, faise necesario incorporar crédito na aplicación orzamentaria 25/433.4320.489.01 *Transferencias varias, polo referido importe*.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAPÍTULO SERENÍSIMO DO ALBARIÑO RÍAS BAIXAS PARA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE: PROMOCIÓN INTERNACIONAL DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS DA FESTA DO ALBARIÑO DE CAMBADOS 2025

Entre os días 29 de xullo e 3 de agosto de 2025, celebrarase unha nova edición da Festa do Viño Albariño, no Concello de Cambados. Esta festa susténtase grazas a un sector emprendedor, pioneiro e innovador que fixo dun evento lúdico o sinal de identidade da sociedade cambadesa e dos miles de visitantes e turistas que se achegan a Galicia atraídos polos encantos dunha terra máxica en paisaxes, gastronomía e hospitalidade.

Por esta vila pasaron os mellores concertos musicais do momento, que orixinan gran expectación e gran atractivo nos turistas que visitan as Rías Baixas xerando unha fidelidade que se ve referendada ano tras ano nos milleiros de asistentes aos concertos máis esperados do panorama musical do verán en toda Galicia.

Esta festa conta cun innegable atractivo e tradición para constituírse un pulo de atracción turística da provincia de Pontevedra e conta coas declaracións oficiais de **Festa Turística Nacional e Internacional**.

O **Capítulo Serenísimos do Albariño** é unha asociación de Cambados **dedicada a promover e difundir a cultura do viño albariño**. Esta entidade **desenvolve unha labor única**, xa que son os encargados de fallar os premios ó mellor caldo na festa do albariño nas categorías de ouro, prata e bronce, escollido por un xurado profesional. Así mesmo, a asociación ten a encomenda de dar o pregón da festa.

Unha das principais actividades da Asociación do do Capítulo Serenísimos do Albariño Rías Baixas, que naceu da man de Cunqueiro, Cabanillas ou Fole en 1969 e por cuxas filas pasaron personalidades tan dispares como Camilo José Cela, Charles de Gaulle ou Julio Iglesias, é o seu capítulo que se celebra o día grande da Festa do Albariño de Cambados e é a máis antiga de todas as galegas.

Trátase dun evento dunha alta importancia para a promoción do enoturismo, posto que tal e como reza no Plan estratéxico de turismo “Rías Baixas Turismo 61” Cada unha das persoas que realiza enoturismo computa un gasto medio diario de 201,8 euros, segundo datos extraídos do informe de Análise da demanda turística Rutas del Vino de España, publicado en outubro de 2023. Esta é unha cifra moi superior á que reflicte o gasto medio diario dun ou dunha turista nacional nas súas viaxes por España. Trátase dun perfil con interese por coñecer o destino e as súas localidades, que realiza outras actividades e que prefire pernoctar na contorna, polo que unha boa oferta enoturística non se cingue á visita a bodegas e viñedos ou á degustación de bos viños.

Por outra parte, na enquisa realizada ao abeiro do citado plan estratéxico, o enoturismo quedou sinalado como un dos produtos turísticos clave no futuro do destino. Así, case a metade das persoas consultadas outorgáronlle unha puntuación de máxima prioridade na folla de ruta para os vindeiros anos.

Tal é como se sinalada no Plan “Rías Baixas turismo 61” temos que aproveitar o carácter descentralizador do enoturismo como unha oportunidade de desenvolvemento económico e redistribución de riqueza en contornas rurais. Trátase, ademais, dun segmento con gran potencial en termos de internacionalización, cuestión a ter en conta á hora de deseñar e executar estratexias de promoción e comercialización, por iso a promoción dunha actividade como a do Capítulo serenísimo adoita ser a base para a promoción e axuda a un sector primario que está a converter o albariño da súas vides no buque insignia do destino Rías baixas.



A conformación de todo destino turístico parte do territorio no cal se asenta. A riqueza natural da provincia de Pontevedra supón, por un lado, un importante activo que permite conformar unha oferta turística atractiva e de calidade, pero, por outra parte, implica unha serie de compromisos na súa preservación. Neste sentido, é imprescindible definir actuacións que se comprometan na súa xestión sostible do territorio, tal e como amosan facer os adegueiros da provincia.

Obsérvanse, razóns económicas, públicas e sociais que xustifican a colaboración da Deputación de Pontevedra nesta acción.

Visto o anterior, resulta preciso, para a tramitación do correspondente expediente de subvención nominativa, a favor da entidade *Asociación Amigos Capitulo Serenisimo do Albariño* de Cambados, con C.I.F. G 94161189 por importe de 10.000,00 €, contar na aplicación orzamentaria 25/433.4320.489.01 *Transferencias varias*, cun suplemento de crédito de 10.000,00 €.

En consideración do anterior, trasládase, a deputada delegada de área PROPÓN:

A autorización da correspondente modificación orzamentaria para a habilitación de consignación conforme o seguinte:

APLICACIÓN	ACTIVIDADE	IMPORTE
25/433.4320.489.01 <i>Transferencias varias</i>	SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ENTIDADE <i>ASOCIACIÓN AMIGOS CAPITULO SERENISIMO DO ALBARIÑO</i> CON C.I.F. G94161189, PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE: <i>PROMOCIÓN DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS FESTA ALBARIÑO CAMBADOS 2025.</i>	10.000,00 €

Documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe.



Expediente	2025047677
Asunto	Modificación de crédito 04/2025
Trámite	Proposta de transferencia de crédito do servizo de Deportes

Aprobado o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 polo Pleno da Corporación, e tendo en conta as modificacións de crédito xa realizadas ata a data, constátase que determinadas aplicacións orzamentarias non dispoñen de crédito suficiente para garantir a súa correcta execución.

En virtude do previsto nos artigos 179 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como do artigo correspondente das Bases de Execución do Orzamento da Deputación, propónse a realización dunha modificación orzamentaria baixo a modalidade de transferencia de crédito, por non supoñer alteración do importe total do orzamento e por existir crédito dispoñible noutras aplicacións que non se considera imprescindible para o exercicio.

PROPONSE:

Primeiro. Minorar a aplicación 25/340.3410.479.01 por importe de 100.000,00 €, transferindo dito crédito á aplicación 25/340.3410.489.01, destinada a financiar a segunda convocatoria de subvencións para a adquisición de bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra, exercicio 2025.

Aplicación que se minora	Importe (€)	Aplicación que se incrementa	Finalidade
25/340.3410.479.01	100.000,00 €	25/340.3410.489.01	Destinadas a financiar a segunda convocatoria de subvencións para a adquisición de bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra, exercicio 2025

Segundo. Minorar a aplicación 25/340.3410.226.20 por importe de 51.000,00 €, transferindo dito crédito á aplicación 25/340.3410.489.02, con dúas finalidades diferenciadas:

- 1) **50.000,00 €** destinados a financiar a subvención nominativa á Real Federación Galega de Vela (CIF G36644862) para a realización do proxecto Rías Baixas Sailing Week.

A proposta de concesión directa fundaméntase no carácter excepcional e no interese público estratéxico deste evento, que contribúe de forma notable á promoción do deporte náutico e ao posicionamento da provincia como destino deportivo de referencia.



Cómpre salientar que este tipo de eventos están sometidos a decisións e calendarios federativos de ámbito nacional e internacional, que adoitan establecer as sedes con escasa antelación, a miúdo a poucos meses da súa celebración. Esta circunstancia dificulta a planificación administrativa e impide a súa inclusión nos procedementos ordinarios de concorrencia competitiva.

As convocatorias públicas da Deputación para subvencións a entidades deportivas se adoitan aprobar nos primeiros meses do ano, nun momento no que aínda non se dispón de confirmación oficial sobre a designación da sede, o que imposibilita ás entidades organizadoras solicitar apoio económico dentro do prazo establecido.

Neste contexto, a concorrencia competitiva resulta non só inoperativa, senón que podería supoñer a perda dunha oportunidade estratéxica para a provincia, ao non poder garantir a súa presenza como sede oficial.

Engádesse a isto que, dada a natureza federativa do evento, só a Real Federación Galega de Vela está lexitimada e recoñecida oficialmente para organizalo, o que reforza a súa singularidade como beneficiaria.

En consecuencia, xustifícase plenamente a concesión directa mediante convenio de colaboración, de acordo co artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Aplicación que se minora	Importe (€)	Aplicación que se incrementa	Finalidade
25/340.3410.226.20	50.000,00 €	25/340.3410.489.02	Destinada a financiar o proxecto deportivo Rías Baixas Sailing Week, mediante subvención nominativa á Real Federación Galega de Vela (CIF G36644862)

- 2) **1.000,00 €** destinados a financiar os programas ou subvencións vinculados á aplicación, co obxectivo de garantir a súa tramitación.

Aplicación que se minora	Importe (€)	Aplicación que se incrementa	Finalidade
25/340.3410.226.20	1.000,00 €	25/340.3410.489.02	Destinada a financiar os programas ou subvencións vinculados á aplicación, co obxectivo de garantir a súa tramitación

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



MAG/

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2025 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, proponse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.- DOTAR CON CRÉDITO A APLICACIÓN 2025/942.4590.789.07 PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) E DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025)

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria dos Plans +AQUA 2025 e Provincia comunitaria 2025, dotados con 1.150.000,00 cada un.

SEGUNDO.- Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 30 de maio de 2025 adoptou o acordo de aprobación do expediente de modificación de créditos número 3/2025, aumentando deste xeito a dotación de cada plan, correspondéndolle a cada un dous millón trescentos cincuenta mil euros (2.350.000,00€).

TERCEIRO.- Parte do suplemento en investimentos para Comunidades Veciñais, que se recolle na aplicación 25/942-4590-789.07, por importe de 110.000,00 € fináncianse con baixas por anulación con cargo a 25/942-4590-789.07/2024, correspondentes a sobrantes do plan do exercicio 2024.

CUARTO.- Ditas baixas por anulación, correspondentes a sobrantes do plan do exercicio 2024 non son tal, debido a que en data 2 de maio de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial Pontevedra acordou conceder a 16 comunidades de usuarios de augas subvencións por importe total de 122.287,92 euros sendo 102.287,92 euros imputables á aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07.2024, para gastos de investimentos reais polo que cómpre crédito en dita partida para facer fronte ás concesións anteditas.

QUINTO.- Visto o exposto e con intención de facer fronte ás concesións de data 02 de maio de 2025, é preciso empregar parte do crédito da aplicación 2025/942.4590.789.07. E así mesmo, dotar a esa mesma partida con 50.000,00 euros para empregar nas concesións do plan +AQUA 2025 e Provincia comunitaria 2025.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, é necesario a incoación dun expediente de modificación de crédito para dotar con **50.000,00 euros** a aplicación orzamentaria **2025/942.4590.789.07** para gastos de investimentos reais destinados á concesión de subvencións dos +AQUA 2025 e Provincia comunitaria 2025.

Firmado por: MARCOS AREÁN GONZÁLEZ - ***8886**
Cargo: Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios
Data: 21/07/2025 12:37



2.- DOTAR CON CRÉDITO NECESARIO AS APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE PROCEDAN, DENTRO DO MÓDULO DE PROXECTO DE GASTOS CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE PR-RENOINN-2024-000360 "CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I"

